

# **REGULAMENTO: TRAIL-ANDAINA EN FAVOR DA FIBROSE QUÍSTICA 04-08-2018**

## **1.-LUGAR:**

Celebrarase o Sábado 4 de Agosto de 2018, a saída terá lugar dende as piscinas municipais de Maceda ,dentro do Concello de Maceda (Ourense).

## **2.- HORARIO:**

9:30 h para a modalidade ANDAINA

10:15 h para a modalidade TRAIL

## **3.- CARACTERISTICAS DA PROBA.**

Esta proba está organizada conxuntamente polo **CONCELLO DE MACEDA e a ASOCIACIÓN GALEGA DE FIBROSE QUÍSTICA**. Tanto a Andaina como o Trail de montaña teñen unha distancia de 10 km, o seu punto máis alto é de 675 metros e o máis baixo de 541 metros.



A organización conta cun seguro de responsabilidade civil e seguro de accidentes.

A organización contará cun servizo médico e de ambulancia.

## **3.-INSCRICIÓNS:**

Poderanse realizar dende as 00:00 horas do día 15 de Xuño de 2018 ata as 23:59 do día 2 de Agosto de 2018. Non se realizarán inscricións o mesmo día da proba nin se admitirán inscricións posteriores ao remate do prazo de inscricións. As inscricións realizaranse:

### **1.- Online a través da pasarela de pago da páxina web:**

<https://championchipnorte.com/>

### **2.- Presencialmente:**

Cubriendo un formulario e facendo o pago o contado en calquera das direccións que se sinalan a continuación:

#### **Tenda CÓDIGO BIKE**

Dirección: Cotelma 13, A Valenzá, Barbadás, 32890 Ourense

Tf: 988701365

#### **Bar A TEIXEIRA**

Rúa As Flores nº 46, 32700 Maceda

Tf: 988463445

No caso de que queira desistir da inscrición poder facelo ata 8 das antes da proba, ser devolto o 50% do valor da inscricin.

Os atletas podern incribirse a ttulo individual ou representando a clubs.

#### **4.- PREZO:**

O importe da inscricin para as diferentes modalidades (ANDAINA e CARREIRA) ser de 10 €, dos cales 6 € doaranse a Asociacin Galega de Fibrose Qustica.

#### **5.- NORMAS**

O evento rexirase segn este regulamento e seguindo as seguintes normas:

- a) Podern participar menores de 14 anos na modalidade de Andaina sempre que vaian acompaados dos seus tutores (pai, nai ou tutor designado).
- b) Na modalidade Trail soamente podern participar persoas maiores de 14 anos cumpridos a data de realizacin da inscricin na proba.
- c) Os participantes debern informar a organizacin se ten algn tipo de enfermidade ou dolencia.
- d) Ser motivo de descalificacin:
  - Non pasar por todos os controis de paso.
  - Recibir axuda externa fora dos lugares autorizados (ata uns 100 m dos avituallamentos).
  - Ensuciar e degradar o itinerario ( obligatorio que cada corredor leve os seus propios desperdicios e deixalos nos lugares sinalizados pola organizacin).
  - O dorsal levarase sempre visible durante toda a proba, no peito.
  - Non prestar auxilio a cualquiera participante que sufra algn accidente e informar no control ms cercano.
  - No se pode obstaculizar voluntariamente a outro corredor.
  - Os participantes obedecern as instruccins dos membros da organizacin e dos controis de paso.
- e)  obligatorio avisar nun control ou a un membro da organizacin do abandono e entrega do correspondente dorsal.
- f) A organizacin reservase o dereito a realizas modificacins que considere necesarias en funcin dos diferentes condicionantes, as como a suspensin da proba si as condicins meteorolgicas o obrigan, ou por algunha causa de forza maior.
- g) Dado o carcter Solidario da proba, a organizacin non prev ningn tempo de paso e corte durante o percorrido, nin se establece ningn tempo mximo para completar a proba.
- h) O final da proba pode haber control antidoping.
- i) A organizacin declina toda responsabilidade en caso de accidente, lesin ou negligencia, as como dos obxectos de cada participante. Os participantes exoneran a organizacin de toda responsabilidade en caso de accidente ou lesin.
- j) Os corredores levarn a indumentaria e o calzado axeitados para a modalidade deportiva na que se inscriban.

- k) A cota de inscrición dará dereito a participar na proba, seguro de accidentes, avituallamentos, gardaroupa, duchas, comida postcarreira e participar no sorteo de cantos agasallos consiga a organización.

## 6.- AVITUALLAMENTOS

A distribución dos avituallamentos será a seguinte:

1. CARREIRA (TRAIL): km 5 (líquido) e na zona de Meta.
2. ANDAINA: km 5 (líquido) e na zona de Meta.

## 7.-PREMIOS

- a) Na modalidade Trail, entregaranse trofeos conmemorativos os tres primeiros/as clasificados/as das seguintes categorías:

**Absoluta MASCULINO/FEMENINO:** os 3 primeiros/as clasificados/as na proba

**Comarcal MASCULINO/FEMENINO:** os 3 primeiros/as clasificados/as na proba empadroados en algún dos concellos que conforman a comarca definida neste

regulamento como aqueles concellos colindantes co término municipal de Maceda (MACEDA, BAÑOS DE MOLGAS, VILAR DE BARRIO, MONTEDERRAMO, XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO, ESGOS E PADERNE DE ALLARIZ).

- b) A modalidade ANDAINA **non ten carácter competitivo.**

## 8.- DORSAIS

Os dorsais poderán retirarse o día da proba nas inmediacións da saída (piscinas municipais de Maceda) en horario de 8:30 a 9:30 horas.

## 9.- ATENCIÓN MÉDICA

A organización contarña cun servizo médico durante o percorrido que estará facultado para retirar durante a proba a calquer participante que o seu xuízo manifeste un estado físico que poida ir en detrimento da súa saúde.

Calquer participante con problemas médicos como alerxias a medicamentos ou outros, deberá facelo consignar no dorsal que debe levar un sitio visible.

## 10.- DEREITOS DE IMAXE

A aceptación e inscrición na proba, e polo tanto do presente regulamento, implica que o participante autoriza á organización do evento á grabación total ou parcial da súa participación na mesma, presta o seu consentimento para que poida ser utilizada a súa imaxe na promoción e difusión da proba de todas as formas posibles (radio, prensa, vídeo, foto, DVD, Internet, carteis, medios de comunicación, etc.), e cede os dereitos relativos á explotación comercial e

publicitaria que a organización considere oportuno executar...

A organización deste evento garante o pleno cumprimento da normativa de protección de datos de carácter persoal, e así o inscrito queda informado a través deste regulamento e presta o seu consentimento á incorporación dos seus datos aos ficheros automatizados existentes e ao tratamento dos mesmos para a súa utilización en relación con xestións administrativas, comerciais e outras actividades propias da organización, o titular dos datos terá dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Todo corredor debe coñecer e respetar o regulamento da proba. A inscrición implica cumprimento deste Regulamento.

## **11.- DONATIVO A ASOCIACIÓN GALEGA DE FIBROSE QUÍSTICA.**

6 € de cada inscrición doaranse directamente a Asociación Galega de Fibrose Quística.

Si a túa intención é colaborar coa causa pero non tes pretendido participar no evento poderás facer aportar a túa colaboración de dúas maneiras:

1.- Entrando no portal [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) no apartado do evento poderás facer a túa aportación facendo a inscrición como dorsal solidario polo prezo de 10 €. No mesmo portal podes elegir outra aportación distinta según os tramos recollidos e presentados a través do portal.

2.- Facendo directamente un ingreso ou transferencia no número de conta da ASOCIACIÓN GALEGA DA FIBROSIS QUÍSTICA, indicando os teus datos persoais ou ben facendo un ingreso anónimo se prefires manterte en anonimato.

**Nº CTA BANCARIO: ES55 2100 5656 0902 0016 2287 CAIXA BANK, S.A.**

## **12.- COMPORTAMENTO DOS PARTICIPANTES NAS DIFERENTES PROBAS.**

**Os participantes que se inscriban en calquera das probas TRAIL e ANDAINA non poderán tomar a saída acompañados de animais.**

Os participantes que tomen saída na modalidade ANDAINA deberán saber que nalgún momento do percorrido se van a atopar cos corredores, os cales lle deben facilitar o paso na medida do posible para evitar accidentes ou caídas.